



APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

AXUDAS DE AGADIC

A Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que ten como obxectivos consolidar a industria no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e a cultura galegas como elementos singularizadores.

Nesta liña, este mércores 31 de marzo fixo públicas no DOG número 61 un par de convocatorias para o 2010 dirixidas ao sector, destinadas en concreto a facilitar a emerxencia do talento, o desenvolvemento de industrias culturais galegas e a innovación audiovisual:

Para curtametraxes e videoclips. Trátase de subvencións dirixidas ás produtoras que realicen curtametraxes en versión orixinal en galego e videoclips de música galega.

As bases recollen varias modalidades de proxectos financiáveis: curtas en soporte cinematográfico, cunha axuda máxima de 15.000 euros por proxecto; curtas de animación en soporte cinematográfico, cun tope de 30.000 euros; curtametraxes en soporte dixital innovadoras ou experimentais, de contido artístico ou cultural, cun límite de 10.000 euros; e videoclips que acompañen ou promovan unha produción discográfica de música galega, cun tope de 6.000 euros por proxecto.

Cada empresa solicitante poderá ser beneficiaria dun máximo de tres proxectos. Os criterios de valoración para a concesión destas subvencións son a calidade, creatividade e orixinalidade do proxecto, a súa contribución ao desenvolvemento dos valores culturais de Galicia dunha forma propia e nova, o grao de elaboración e desenvolvemento do proxecto, a utilización de recursos do sector audiovisual galego e a rodaxe en Galicia e a súa viabilidade económica.

Para industrias culturais. As modalidades de subvención desta convocatoria divídense en sete grandes bloques: á actividade escénica, para o programa Crédito-Cultura, á produción e promoción de traballos discográficos, á distribución, a salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada, para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais e, por último, á mellora técnica de estudos de gravación.

O prazo de presentación das solicitudes de ambas as dúas convocatorias é dun mes.